

Os proxectos poderanse localizar en calquera territorio de Galicia, agás nas seguintes parroquias :

Parroquia	Concello	Parroquia	Concello
TEMPLE (EL) (SANTA MARIA)	A Coruña	OURENSE	Ourense
CORUÑA (A)	A Coruña	MONTEALEGRE (LA MILAGROSA)	Ourense
OZA (SANTA MARIA DE)	A Coruña	VISTA FERMOZA (SAN XOSE)	Ourense
VIÑAS (SAN CRISTOBAL DAS)	A Coruña	PONTEVEDRA	Pontevedra
VISMA (SAN PEDRO DE)	A Coruña	LEREZ	Pontevedra
ALMEIRAS (SAN XIAN)	Culleredo	MOURENTE	Pontevedra
BURGO (O) (SANTIAGO)	Culleredo	SALCEDO	Pontevedra
RUTIS (SANTA MARIA)	Culleredo	VIRXE DO CAMIÑO (A)	Pontevedra
FERROL	Ferrol	POIO (SAN SALVADOR P.)	Poio
TRASANCOS (SANTA ICIA)	Ferrol	VIGO	Vigo
NARON	Narón	ALCABRE	Vigo
PERILLO (SANTA LEOCADIA)	Oleiros	CANDEAN	Vigo
SANTIAGO DE COMPOSTELA	Santiago Compostela	CASTRELOS	Vigo
SANTIAGO (SAN CAETANO)	Santiago Compostela	COMESAÑA	Vigo
SANTIAGO (SAN LAZARO)	Santiago Compostela	FREIXEIRO	Vigo
SANTIAGO (SAN XOAN DE FORA)	Santiago Compostela	LAVADORES	Vigo
LUGO	Lugo	NAVIA	Vigo
VALENZA (A) (SAN BERNABE)	Barbadás	SARDOMA	Vigo
		TEIS	Vigo

A convocatoria será moi similar a publicada no ano 2018 (<http://agader.xunta.gal/gl/linas-de-axuda/empresas-non-agricolas>). A principal diferenza é que terá carácter anual.

A concesión de axudas será en concorrencia competitiva e os promotores en ningún caso poderán ter iniciados os investimentos antes da data da solicitude de axuda.

Beneficiarios:

1. As microempresas e pequenas empresas ubicadas en zona rural
2. Persoas físicas que residan nunha zona rural.
3. Titulares e/ou membros dunha unidade familiar dunha explotación agraria que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrícolas e que desenvolvan o seu proxecto na propia explotación

Proxectos Subvencionables:

- a) Industrias, fábricas e locais destinados á produción de bens e materiais. Non obstante o anterior, os investimentos relacionados coa utilización da madeira como materia prima ou fonte de enerxía limitaranse ás operacións de segunda transformación.
- b) Transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, cando o produto final do proceso de transformación e/ou comercialización derivado dos investimentos non estea incluído no anexo I do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE). Non obstante o anterior, para este sector de actividade exclúiranse aqueles proxectos cun orzamento elixible superior a 60.000 €.

- c) Prestación de servizos en calquera sector económico, con exclusión das empresas de servizos de maquinaria agrícola e forestal e das empresas de servizos enerxéticos
- d) Prestación de servizos sociais (garderías, coidado de anciáns, de persoas con discapacidade, granxas-escola...).
- e) Actividades de ocio, recreativas e deportivas.
- f) Artesanía e actividades artesanais.
- g) Actividades baseadas na innovación tecnolóxica e no comercio electrónico.
- h) Actividades nos sectores da enxeñaría, arquitectura, servizos técnicos, limpeza industrial e veterinaria.
- i) Comercio polo miúdo de produtos non incluídos no anexo I do TFUE.

Gastos Subvencionables

Con carácter xeral, serán subvencionables:

Con carácter xeral, será subvencionable a compra de maquinaria e equipamentos novos afectos á actividade empresarial, e que sexan necesarios para desenvolvemento da actividade produtiva da empresa.

Gastos Non subvencionables:

- a) Unidades de investimento cuxa base impositiva sexa igual ou inferior a 1000€
- b) Material funxible en xeral.
- c) Envases e embalaxes, aínda cando sexan reutilizables.
- d) A reposición ou simple substitución de equipamento e maquinaria, salvo que a nova adquisición corresponda a equipamentos ou maquinaria distintos dos anteriores, ben pola tecnoloxía utilizada ou polo seu rendemento ou eficiencia ambiental, que deberá xustificarse na memoria-resumo do proxecto (anexo III).
- e) Equipos de calefacción, climatización e ventilación, así como as instalacións que comporten.
- f) Traídas e acometidas de servizos.
- g) Adquisición de maquinaria, equipamento e materiais de segunda man.
- h) Adquisición de maquinaria e equipamento destinada ao aluguer.
- i) Equipos informáticos de oficina e licenzas informáticas en sistemas operativos e aplicacións de ofimática.
- j) Deseño e/ou actualización de páxinas web.
- k) A compra de vehículos de transporte exterior, así como a compra de vehículos especiais agrícolas e de obras, e a súa adecuación.
- l) Mobiliario, instalacións, útiles e ferramentas.
- m) Investimentos non axustados no seu dimensionamento e capacidade ás actividades que vai a desenvolver a empresa a curto prazo, ou ben dun importe unitario superior ao básico do mercado para unidades ou elementos de igual capacidade.
- n) Investimentos non relacionados directamente coas actividades desenvolvidas polo solicitante.
- o) Os gastos de aluguer de instalacións e equipos, nin os investimentos financiados mediante arrendamento financeiro (leasing).
- p) A man de obra propia e os materiais de igual procedencia.
- q) As taxas por licenzas administrativas.
- r) O imposto de valor engadido (IVE) e calquera outro imposto, agás que non sexa recuperable pola persoa beneficiaria.
- s) Os gastos financeiros producidos como consecuencia do investimento.
- t) Os xuros debedores.
- u) Os conceptos do orzamento sen desagregar tales como "outros".
- v) Os investimentos realizados con carácter previo á presentación da solicitude da axuda.

Importe da Axuda

45% dos gastos subvencionables

Para calquera dúbida os promotores poden porse en contacto con nós a través do enderezo electrónico: infoagader@xunta.gal ou nos teléfonos: 981547382 - 981547369 - 981542690